

## SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 22 DE DECEMBRO

(supletoria da correspondente ao día 24 de decembro de 2020)

### COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

#### Preguntas do PP

**1ª** Nos últimos días vimos como nas rúas do noso municipio se colocaban as luces de Nadal (que a simple vista parecen máis austeras e en menor cantidade que outros anos), xunto á proliferación de árbores de luz proporcionados dende o Concello de Cambre que, dende o interior dos comercios, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, veñen a substituír a deficiente ou ausente iluminación pública.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicita ao equipo de goberno que informe polo custo que ten suposto para as arcas municipais e en que partida a entrega das ditas árbores de Nadal.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que as árbores se contrataron a través da Axencia de Desenvolvemento Local, por un importe 29.204,32 euros.

**2ª** Á vista da contestación efectuada pola concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos no pleno ordinario do pasado mes de novembro respecto do parque móbil do concello, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente que informe sobre:

- Os vehículos que forman parte do parque móbil do Concello de Cambre, identificando o modelo, marca, número de matrícula e departamento, concellería ou persoal ao que estiveran asignados.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, propón que se dea lectura tamén á 3ª pregunta e así contestará ambas ao mesmo tempo.

O concelleiro do PP acepta e da lectura á seguinte pregunta.

**3ª** Identificación da póliza de seguro de circulación de cada un dos vehículos que forman parte do dito parque móbil, isto é, número de referencia da dita póliza, compañía de seguros e cobertura material e persoal destas.

Dona María Dolores Pan Lesta propón que, ao tratarse de moitos datos, se están de acordo en vez de darlle lectura a todos eles, pode entregárllelos por escrito.

Ante a conformidade do Grupo Popular, a concelleira comprométese a remitirlos a todos eles no día de mañá.

**4ª** Identificación de quen fai uso dos ditos vehículos.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non hai unha persoa asignada a cada vehículo, senón que hai un vehículo adscrito a un departamento e o utilízano os funcionarios que corresponda.

Don Juan María Abalo Castes, do PP, di que si saberán quen o utiliza.

Dona María Dolores Pan Lesta contesta que si e que llelo pasará por escrito.

**5ª** Trala contestación realizada nas comisións informativas do mes de novembro pola concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos ás preguntas formuladas por este Grupo Municipal Popular respecto da representación e asistencia letrada do concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Instrucción número 7 da Coruña a instancias da Fiscalía da Coruña respecto do procedemento de construción do pavillón polideportivo de Anceis, pregúntase se desde o Concello de Cambre se procedeu e en que contía, ao pago da provisión de fondos da dita representación e defensa.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non se efectuou ningún pago de provisión de fondos.

**6ª** O *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 215, do 16 de decembro, publica o edicto do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2020 no que se refire que, por resolución da concelleira delegada núm. 1906, do 7 de decembro de 2020, acordouse rectificar o erro material na resolución desa concellería delegada núm. 1733/2020, de data 16 de novembro de 2020, redactándose de novo a dita resolución unha vez visto o informe proposta emitido pola traballadora social co conforme da coordinadora de Servizos Sociais, todo o anterior referido ao padrón fiscal do prezo público polo servizo de axuda no fogar, tendo en conta as horas prestadas no dito servizo durante o mes de agosto de 2020.

Tras ler a dita publicación, o certo e verdade é que descoñecemos cal é o erro de fondo cometido na dita resolución que motivou esta publicación, polo que desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se aclare o dito extremo.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, explica que foi un erro administrativo que se atoparon despois de ter asinado a resolución, pero di que ninguén saíu prexudicado dese erro administrativo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta cal foi ese erro.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez explica que foi un erro administrativo, houbo unha confusión administrativa respecto dunha usuaria.

#### Pregunta do BNG

**Única.** Cales son en termos absolutos e porcentuais, as cifras de execución, segundo criterio técnico, de cada un dos obxectos (programas, subvencións, axudas, plans,...) destinados ao fomento do emprego e da actividade empresarial contidos nos orzamentos do ano 2020 a día 1 de decembro?

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que cando teñan a liquidación do orzamento do 2020 poderán darlles as cifras do orzamento de execución.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,  
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

**Rogos do PP**

**1º** Veciños e usuarios da escola municipal de música en Sigrás refírennos a desaparición das luminarias que existían no chan da praza localizada á entrada da dita escola, tal e como se pode observar nas fotografías que se achegan, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se proceda a dotar ao dito espazo de novas luminarias que permitan unha maior luminosidade ao mencionado espazo.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se sabe cando se vai arranxar, porque é un lugar transitado por escolares.

Dona María Carmen Pan Matos contesta que o antes posible.

**2º** Nos vindeiros días procederáse á solemne apertura do Ano Santo Xubilar que agardamos atraia, se a situación sanitaria o permite, a miles de peregrinos e turistas, o que esixe que, no noso caso, o treito de Camiño Inglés que transcorre polo noso municipio amose a súa mellor versión.

De aí que, tal e como se aprecia na fotografía que se achega, sexa preciso adecuar, limpar e arranxar á maior brevidade posible lugares como o lavadoiro público existente en Sobrecarreira, en pleno Camiño Inglés, o que se solicita desde o Grupo Municipal Popular.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo, e di que están rozando regularmente.

Don Juan María Abalo Castex explica que o piden porque o camiño será transitado o vindeiro ano e debe estar nas debidas condicións.

**3º** Son numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular compartiu a preocupación pola seguridade viaria manifestada polos veciños e transeúntes do noso municipio.

Entre elas é reiterada a falta de iluminación existente en varios pasos de peóns situados en lugares estratéxicos do noso pobo, como o existente en Cambre á altura da nova Casa da Cultura.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interesa que se proceda, á maior brevidade posible, a dotar de maior e mellor iluminación ao dito paso de peóns de cara a mellorar a seguridade viaria e evitar futuros accidentes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo. Di que está pedida a valoración a Instelec, e cando pasen o orzamento, decidirán.

**4º** Son numerosos os veciños que insisten na ausencia de iluminación na ponte románica que separa os concellos de Cambre e Culleredo, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan. Iluminación que non só poñería en valor un dos principais monumentos do noso municipio, resaltando a súa beleza, senón que aumentaría a seguridade dos viandantes que o atravesan, xa que constitúe un auténtico perigo cruzalo a escuras.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se reitere a necesidade de proceder á correcta iluminación da ponte románica do Burgo, á maior brevidade.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, explica que estiveron apagadas as luces porque saltou o diferencial. Dixéronllo o venres, a fin de semana non traballaban e arranxouse o luns.

En canto á lousa da fotografía cónstalle que xa está arranxada.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, indica que as fotografías eran anteriores á fin de semana.

O señor alcalde pídlle que, cando sexa así, que chamen e que se solucionará antes. O diferencial estaba en Culleredo e por iso se tardou máis.

**5ª** Veciños e transeúntes do Campo da Feira de Cambre advírtennos do perigo existente na perda de barrotes que presenta un dos valos de aceiro que se atopan nel, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, descoñecendo o motivo que produciu a dita perda.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese do concelleiro competente que á maior brevidade posible se adopten as medidas necesarias para o seu arranxo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que xa quedou arranxada. Había que soldar os barrotes, que tiñan gardados. Reforzouse os que estaban en perigo de caída e arranxáronse os outros.

**6ª** Á vista do deficiente estado no que continúa atopándose o pavimento da calzada do Paseo Marítimo do Temple, que persiste tralos rogos presentados nos pasados meses de outubro e novembro, desde o Grupo Municipal Popular reitérase que polo concelleiro competente se adopten as medidas que sexan necesarias para o seu correcto asfaltado, necesario tal e como se aprecia na fotografía que se achega.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, engade que cada vez as fochancas son máis grandes e é perigoso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que o perigo ou non deberá de determinalo a Policía ou os técnicos. Di que el pasou por alí e non lle parece que haxa perigo. En canto ás obras, xa se están a realizar.

Don Juan María Abalo Castex expón que o tema do perigo, el si considera que é perigoso, e cada vez hai ocos máis grandes. Por outra parte, di que alí non hai movemento de maquinaria nin de persoal.

Don Juan González Leirós reitera que non está de acordo co tema do perigo e que as obras estanse a realizar. O proxecto xa se iniciou, e iso non é algo subxectivo, é algo obxectivo.

#### **Rogo de AV**

**Único.** Ante as novas do transporte público que iniciará a funcionar proximamente, rogamos se informe ás familias con fillos/as no IES David Buján sobre as novas liñas que poden ser empregadas pola mocidade para acudir ao centro escolar.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, recolle o rogo, e di que xa se está a informar ás familias no propio centro.

### Rogo de C's presentado oralmente

Dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do Grupo Mixto, pide permiso para presentar un rogo oral, por un tema que viu o domingo. Explica que estivo na Barcala e todos os locais tiñan a árbore de Nadal agás un local, a cafetería Matrioska, polo que roga que se lle leve un, dado que o pediron e os funcionarios díxéronlles que si.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, explica que o procedemento é o mesmo para todos os establecementos que participan nas actividades do concello. En principio a todos os negocios que participan dáselles a árbore, e este ano intentarase completar.

Entrégase a lista á empresa e vai entregando. Cre que xa se lle debeu de entregar, porque no listado estaba ese establecemento.

### Preguntas do PP

**1ª** A escasos días da apertura dun novo Ano Santo Compostelán, advírtese o mal estado no que se atopan algún dos inmobles existentes no treito do Camiño de Santiago ao seu paso polo noso municipio. Algúns deles situados xusto enfronte da igrexa de Sigrás, onde ao cortar a maleza existente se aprecia, máis se cabe, o lamentable estado que ofrecen as fotografías que se achegan. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte:

Quen realizou os labores de roza e corta da maleza existente no dito lugar?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a propiedade.

**2ª** Incoouse nalgún momento ou existe expediente de ruína aberto respecto dalgún destes inmobles?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si.

**3ª** Son varias as dúbidas veciñais recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto da reciclaxe de residuos e recollida de lixo, entre as que destacamos:

Onde se atopan situados no noso concello os contedores específicos para a reciclaxe de pilas e de aceite usado?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que hai 19 puntos de contedores de pilas e 17 de aceite, e dilles que mañá mesmo llelos pode facilitar por escrito.

**4ª** Nos tempos de pandemia, séguese a utilizar o mesmo criterio selectivo de lixo por contedores ou non se está a realizar unha recollida selectiva de residuos?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que a recollida selectiva de residuos estivo operativa durante toda a pandemia, outra cousa é que a xente utilice un ou outro contedor.

**5ª** Á vista da contestación levada a cabo polo concelleiro de Urbanismo no pleno ordinario do pasado mes de outubro respecto do anuncio no *Boletín Oficial do Estado* da Dirección Xeral de Aviación Civil, polo que se

somete a información pública a delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do aeroporto da Coruña, o Real decreto e o Plan de acción asociado e a súa afección á parroquia do Temple, a máis densamente poboada do noso municipio, e faltando escasos días para que termine o prazo de información pública aberto, desde o Grupo Municipal Popular, ante a importancia que reviste para o noso municipio, pregúntase ao concelleiro competente:

Presentou xa o noso concello escrito de alegacións fronte á dita publicación oficial?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si.

**6ª** Que publicidade e, no seu caso asesoramento, se ten dado polo noso concello ao dito trámite, para o xeral coñecemento dos nosos veciños, identificándoos por datas dende a súa publicación no BOE ata o día de hoxe?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se puxeron carteis nos portais, deuse resposta a 27 chamadas telefónicas, e púxose na páxina web do concello o modelo tipo.

#### Preguntas de AV

**1ª** Segundo puidemos observar na acta da Xunta de Goberno Local do 1 de decembro sobre concesión de licenza de parcelación de terreo en Sigrás de Abaixo, con número de expediente 1771/2020 no que hai unha cesión obrigatoria ao concello. Preguntamos: en que consiste a dita cesión?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que con base no artigo 24.2 da Lei do solo de Galicia obrígase a todo o mundo a ceder a parte do terreo que corresponda a ampliación do viario.

**2ª** Chegáronnos noticias de que no local que están a empregar a Asociación de mulleres da Barcala hai problemas coa subministración eléctrica, afectando tamén a outras instalacións.

Tomouse algunha medida para solucionar a incidencia?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que si.

**3ª** En vista da licenza que se vai conceder para a ampliación da rede de gas natural para subministrar ao centro de servizos funerarios que se pretende instalar ao carón do campo de fútbol Dani Mallo e outras instalacións municipais, posto que afectarán en maior ou menor medida á veciñanza: Cando está previsto que inicien as obras?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a licenza xa a teñen dende o 2 de decembro.

#### COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

#### Preguntas do PP

**1ª** Nos últimos días fomos coñecedores do corte de luz nos locais municipais que ocupan a Cruz Vermella, a

Asociación de mulleres da Barcala ou a Fundación Arela, entes que co seu actuar, axudan ao benestar social no noso municipio.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicita ao equipo de goberno que informe sobre as causas e duración do dito corte de subministración eléctrica.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que se atendeu a urxencia segundo recibiron o aviso. Notificouse a Fenosa porque era un fallo no cadro e enviouse unha nota para que o arranxaran canto antes, debido ao uso do local.

**2ª** Á vista da situación sanitaria que padecemos no noso municipio e de cara a evitar contaxios na práctica deportiva, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

Que medidas hixiénico sanitarias anti-covid se están adoptando nos establecementos deportivos públicos e privados?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que nos establecementos privados o concello non ten competencia, e, en canto aos públicos, seguíuse a normativa sanitaria establecida. Respecto das instalacións pechadas limpáronas e desinfectáronas. Di que lles mandou o protocolo por correo electrónico.

Nas actividades federadas, ademais, tamén teñen que cumprir co protocolo da Xunta de Galicia, ademais do de Cambre.

Respecto a pais e alumnos, tamén hai un protocolo, que llelo fará chegar. Os conserxes tamén levan a cabo a limpeza nos deportes federados.

Nas instalacións de uso libre púxose a información e vaise actuando segundo ditan as normas da Xunta de Galicia.

**3ª** Que publicidade se está dando ás ditas medidas hixiénico sanitarias?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que nas que están ao aire libre colócanse os carteis, nas cubertas hai cartelería e ás asociacións envíaselles a información. Ademais, dende o departamento de Deportes colabórase neste tema.

**4ª e 5ª** Atopándonos en datas próximas ao Nadal, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira de Cultura:

- Relación de actividades programadas desde o seu departamento para as vindeiras festas de Nadal.
- Orzamento previsto para a súa realización

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que están previstas as seguintes actividades:

- Retransmisión da recepción real e gravación do belén vivente de Bribes e Kadrou, cun importe de 5.915 euros sen IVE.
- Conferencia de Dolores Barral Rivadulla, cun importe de 180 euros.
- Actuación do grupo Kadrou, cun importe de 242 euros sen IVE.
- Gravacións do Apalpador e interpretación en Andeiro, cun importe de 2.230 euros sen IVE.



**6ª** A preguntas do Grupo Municipal Popular en sesións anteriores respecto da falta de concorrencia do noso concello a diversas axudas e subvencións doutras administracións públicas para a promoción ou rehabilitación do Camiño de Santiago, contestáronos sobre a “*posible incompatibilidade*” das axudas non solicitadas, con outras de maior importe ofertadas desde a Deputación Provincial da Coruña, preferindo as desta última.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte que importe subvencionado se recibiu polo noso concello desde a Deputación Provincial da Coruña, vía subvención ou axuda, relacionada coa promoción, defensa ou rehabilitación do Camiño Inglés ao seu paso polo noso municipio, que impediu ou non priorizou a solicitude doutras axudas ou subvencións a outras administracións públicas.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que non se concorreu a unha.

Di que de momento de Deputación no se ten recibido, estase traballando nesa liña, pero xa se teñen conseguido algunhas axudas como informou no pleno. Conseguiron case 23.000 euros, un punto de auga potable en Sigrás, o arranxo do último treito do Camiño Inglés antes de entrar en Carral.

Conclúe dicindo que están en contacto coa empresa para que faga a roza con urxencia.

#### Preguntas do BNG

**1ª** Cales son, en termos absolutos e porcentuais, as cifras de execución, segundo criterio técnico, das partidas orzamentarias da Área de Xuventude para o ano en curso a data 1 de decembro?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que cando teñan a liquidación do ano 2020, darállelo.

**2ª** Cales son, en termos absolutos e porcentuais, as cifras individualizadas de execución, segundo criterio técnico, dos distintos epígrafes vinculados nos orzamentos municipais do presente exercicio a axuda social en toda a súa extensión?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que llelo entregará cando teñan a liquidación do ano 2020.

**3ª** Cal é o investimento realizado, a data 1 de decembro, en adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas municipais de Cambre, con cargo ao presente ano 2020?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que 8.750,84 euros.

#### Pregunta de AV

**Única.** Nas comisións do mes de novembro preocupámonos sobre os estudos trimestrais que se fan facer para estudar os incrementos orzamentarios para as axudas de emerxencia social. Ao cal contestáronnos que non houbera ningunha novidade nin movemento neste aspecto.

Nos días pasados saíu publicado en prensa o recorte na iluminación de Nadal para empregar os recursos en emerxencia social.





Polo cal reiterámonos na nosa pregunta de se hai algunha novidade respecto dos investimentos nas axudas de emerxencia social.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que non é novidade. O texto da nota de prensa e o que se enviou, pero o titular era distinto, que se reducía o 50% para facer fronte ao Covid-19.

Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, pide que a documentación que se vai pasar ao grupo que a pediu, se lles pase a todos.